

TITIRICIRCUS

Texto de MIGUEL BORINES e TATÁN, de TANXARINA

Ilustracións de PABLO PASTOR

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 36 páx. 13 €.

ÁLBUM CONMEMORATIVO DO 25º ANIVERSARIO DO ESPECTÁCULO DE TEATRO E MONICREQUES "TITIRICIRCUS"

Titiricircus (galego).

ISBN 978-84-8464-800-0. Fóra de colección.

Titiricircus (castelán).

ISBN 978-84-8464-801-7. Libros para Soñar.

Hai tempo, o circo era o maior espectáculo do mundo.

*As súas carpas coloridas viaxaban de vila en vila,
de país en país e mesmo de continente en continente.*

Pero un día, as cousas torcéronse.


Uns artistas marcharan, outros vagaban tristes,

o camión xa non andaba: o circo estaba na ruína...

"Titiricircus" cumpre 25 anos; é a obra de teatro de títeres máis representada en Galicia. Tanxarina suma máis dun milleiro de actuacións do espectáculo. Este libro conmemorativo é un recordo nostáxico e festivo sobre o circo de gran formato. Conta a historia de dous traballadores desa fábrica de soños que lembran, cos seus monicreques de fíos, os éxitos do seu pasado na pista de area circular.

Interactuando co público, estes veteráns artistas circenses van sacando a escena os números máis importantes e irrepitibles que ofrecía aquel circo xa desaparecido: o home máis forte da Península Ibérica, o encantador da serpe Josefina, o malabarista máis bailarín ou o equilibrista do monociclo.

As ilustracións de Pablo 'O Pastor' combinan varias técnicas -collage, fotomontaxe, debuxo- e estilos: mestura siluetas planas, figuras con volume, imaxes antigas e actuais con moito colorido, ofrecendo un resultado *pop* moi moderno e vistoso. A proposta plástica amosa unha visión de conxunto do teatro entre bambolinas: o proceso de produción dos monicreques, as viaxes da compañía dunha vila a outra, a posta en escena e as interioridades da actuación.



- **Temática:** historia dunha obra de teatro de monicreques, no seu 25º aniversario.
- **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
- **Aspectos destacables:** o teatro de títeres e monicreques; o mundo do circo; Tanxarina.

Tanxarina Títeres

Fundado en 1983 por ex-alumnos de Harry Tozer, profesor de construción e manipulación de monicreques de fíos do Institut del Teatre de Barcelona, é un dos grupos máis prestixiosos deste xénero, dentro e fóra de Galicia. Especializado en espectáculos para público infantil, xuvenil e familiar, os actores (Andrés Giráldez, Eduardo Alberto Rodríguez 'Tatán' e Miguel Borines) combinan diversas técnicas de animación de bonecos coa faceta actoral e a relación escénica entre títeres e actores. Así logran máis forza expresiva e comicidade nas súas actuacións con monicreques de fíos, títeres de luva ou de varillas, sombras chinesas ou bunrakus, como se coñece o teatro de monicreques xaponés. Actúan nos principais festivais nacionais e internacionais. Colaboran nas montaxes doutras compañías de teatro de actor, e en producións audiovisuais de cine, televisión, publicidade ou doblaxe. Imparten cursos de construción e manipulación de títeres, monicreques, máscaras e cabezudos. Dende o ano 2000 dirixen o Festival Internacional de Títeres de Redondela, actualmente centrados na parte artística. A compañía recibiu o Premio Xeración Nós, o Premio Xiria e o Premio María Casares, entre outros galardóns. <http://www.tanxarina.es>

Pablo Giráldez 'O Pastor'

(Vigo, 1971)

Artista gráfico e escenógrafo. Ten unha ampla traxectoria profesional como deseñador, que desenvolveu principalmente en Galicia: cartaces para festivais, portadas de discos e libros, exposicións de arte e mostras didácticas, e escenografías para grupos de teatro como Tanxarina, Berrobambán, Centro Dramático Galego, Teatro do Morcego ou Teatro de Ningures.

www.kalandraka.com

comunicacion@kalandraka.com